



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA DE

FENE

O Pazo 13-15 • 15528 Fene • A Coruña
Tif.981360300 • www.iesdefene.org
Fax.981360029 • ies.fene@edu.xunta.es



RESUMO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
CURSO 2021 – 2022

CENTRO: IES DE FENE

CURSO: 3º ESO

MATERIA: BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

DEPARTAMENTO: CIENCIAS NATURAIS

1. Estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución.

Estándar de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
Bloque 1. Habilidades, destrezas e estratexias. Metodoloxía científica	
BXB1.1.1. Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico e exprésase con corrección, tanto oralmente como por escrito.	Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico e exprésase con corrección, tanto oralmente como por escrito.
BXB1.2.1. Procura, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes.	
BXB1.2.2. Transmite a información seleccionada de xeito preciso utilizando diversos soportes.	Transmite a información seleccionada de xeito preciso
BXB1.2.3. Utiliza a información de carácter científico para formar unha opinión propia e argumentar sobre problemas relacionados.	
BXB1.3.1. Coñece e respecta as normas de seguridade no laboratorio, e coida os instrumentos e o material empregado.	Coñece e respecta as normas de seguridade no laboratorio, e coida os instrumentos e o material empregado.
BXB1.3.2. Desenvolve con autonomía a planificación do traballo experimental, utilizando tanto instrumentos ópticos de recoñecemento como material básico de laboratorio, argumenta o proceso experimental seguido, describe as súas observacións e interpreta os seus resultados.	
Bloque 2. A célula, unidade estrutural e funcional dos seres vivos	
BXB2.1.1. Diferencia a materia viva da inerte partindo das características particulares de ambas.	Diferencia a materia viva da inerte partindo das características particulares de ambas.
BXB2.1.2. Establece comparativamente as analoxías e as diferenzas entre célula procariota e eucariota, e entre célula animal e vexetal.	Establece comparativamente as analoxías e as diferenzas entre célula procariota e eucariota, e entre célula animal e vexetal.
BXB2.2.1. Recoñece e diferencia a importancia de cada función para o mantemento da vida.	Recoñece e diferencia a importancia de cada función para o mantemento da vida.
BXB2.2.2. Contrasta o proceso de nutrición autótrofa e nutrición heterótrofa, e deduce a relación entre elas.	Contrasta o proceso de nutrición autótrofa e nutrición heterótrofa.
Bloque 3. Bloque 3. As persoas e a saúde. Promoción da saúde	
BXB3.1.1. Interpreta os niveis de organización no ser humano e procura a relación entre eles.	Interpreta os niveis de organización no ser humano e procura a relación entre eles.
BXB3.1.2. Diferencia os tipos celulares e describe a función dos orgánulos máis importantes.	
BXB3.2.1. Recoñece os principais tecidos que conforman o corpo humano e asociaos á súa función.	Recoñece os principais tecidos que conforman o corpo humano.
BXB3.3.1. Argumenta as implicacións dos hábitos para a saúde, e xustifica con exemplos as eleccións que realiza ou pode realizar para promoverla individual e colectivamente.	Argumenta as implicacións dos hábitos para a saúde.
BXB3.4.1. Recoñece as doenzas e as infeccións máis comúns, e relaciónaaas coas súas causas.	Recoñece as doenzas e as infeccións máis comúns.

BXB3.4.2. Distingue e explica os mecanismos de transmisión das doenzas infecciosas.	Distingue os mecanismos de transmisión das doenzas infecciosas.
BXB3.5.1. Coñece e describe hábitos de vida saudable e identifícaaos como medio de promoción da súa saúde e da das demais persoas.	Coñece e describe hábitos de vida saudable e identifícaaos como medio de promoción da súa saúde e da das demais persoas.
BXB3.5.2. Propón métodos para evitar o contaxio e a propagación das doenzas infecciosas máis comúns.	
BXB3.6.1. Establece diferenzas entre as doenzas que afectan as rexións dun mundo globalizado, e deseña propostas de actuación.	
BXB3.7.1. Explica en que consiste o proceso de inmunidade, e valora o papel das vacinas como método de prevención das doenzas.	Explica en que consiste o proceso de inmunidade, e valora o papel das vacinas como método de prevención das doenzas.
BXB3.8.1. Recoñece a importancia da doazón de células, sangue e órganos para a sociedade e para o ser humano.	Recoñece a importancia da doazón de células, sangue e órganos para a sociedade e para o ser humano.
BXB3.9.1. Detecta as situacións de risco para a saúde relacionadas co consumo de substancias tóxicas e estimulantes, como tabaco, alcohol, drogas, etc., contrasta os seus efectos nocivos e propón medidas de prevención e control.	Detecta as situacións de risco para a saúde relacionadas co consumo de substancias tóxicas e estimulantes, como tabaco, alcohol, drogas, etc., contrasta os seus efectos nocivos e propón medidas de prevención e control.
BXB3.10.1. Identifica as consecuencias de seguir condutas de risco coas drogas, para o individuo e a sociedade.	
BXB3.11.1. Discrimina o proceso de nutrición do da alimentación.	Discrimina o proceso de nutrición do da alimentación.
BXB3.11.2. Relaciona cada nutriente coa súa función no organismo, e recoñece hábitos nutricionais saudables.	Relaciona cada nutriente coa súa función no organismo.
BXB3.12.1. Deseña hábitos nutricionais saudables mediante a elaboración de dietas equilibradas, utilizando táboas con grupos de alimentos cos nutrientes principais presentes neles e o seu valor calórico	
BXB3.13.1. Valora e determina unha dieta equilibrada para unha vida saudable e identifica os principais trastornos da conduta alimentaria.	Valora e determina unha dieta equilibrada para unha vida saudable.
BXB3.14.1. Determina e identifica, a partir de gráficos e esquemas, os órganos, os aparellos e os sistemas implicados na función de nutrición, e relaciónao coa súa contribución no proceso.	BXB3.14.1. Determina e identifica, a partir de gráficos e esquemas, os órganos, os aparellos e os sistemas implicados na función de nutrición, e relaciónao coa súa contribución no proceso.
BXB3.15.1. Recoñece a función de cada aparello e de cada sistema nas funcións de nutrición.	Recoñece a función de cada aparello e de cada sistema nas funcións de nutrición.
BXB3.16.1. Coñece e explica os compoñentes dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor, e o seu funcionamento.	Coñece e explica os compoñentes dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor, e o seu funcionamento.
BXB3.17.1. Diferencia as doenzas máis frecuentes dos órganos, os aparellos e os sistemas implicados na nutrición, e asóciaas coas súas causas.	Diferencia as doenzas máis frecuentes dos órganos, os aparellos e os sistemas implicados na nutrición.
BXB3.18.1. Especifica a función de cada aparello e de cada sistema implicados nas funcións de relación.	Especificamente a función de cada aparello e de cada sistema implicados nas funcións de relación.

BXB3.18.2. Describe os procesos implicados na función de relación, e identifica o órgano ou a estrutura responsables de cada proceso.	Describe os procesos implicados na función de relación, e identifica o órgano ou a estrutura responsables de cada proceso.
BXB3.18.3. Clasifica os tipos de receptores sensoriais e relaciónaos cos órganos dos sentidos en que se atopan.	Clasifica os tipos de receptores sensoriais e relaciónaos cos órganos dos sentidos en que se atopan
BXB3.19.1. Identifica algunhas doenzas comúns do sistema nervioso e relaciónaos coas súas causas, cos factores de risco e coa súa prevención.	Identifica algunhas doenzas comúns do sistema nervioso.
BXB3.20.1. Enumera as glándulas endócrinas e asocia con elas as hormonas segregadas e a súa función.	Enumera as glándulas endócrinas e asocia con elas as hormonas segregadas e a súa función.
BXB3.21.1. Recoñece algún proceso que teña lugar na vida cotiá no que se evidencie claramente a integración neuroendócrina.	
BXB3.22.1. Localiza os principais ósos e músculos do corpo humano en esquemas do aparello locomotor.	Localiza os principais ósos e músculos do corpo humano en esquemas do aparello locomotor.
BXB3.23.1. Diferencia os tipos de músculos en función do seu tipo de contracción, e relaciónaos co sistema nervioso que os controla.	Diferencia os tipos de músculos en función do seu tipo de contracción.
BXB3.24.1. Identifica os factores de risco máis frecuentes que poden afectar o aparello locomotor e relaciónaos coas lesións que producen.	
BXB3.25.1. Identifica en esquemas os órganos do aparello reprodutor masculino e feminino, e especifica a súa función.	Identifica en esquemas os órganos do aparello reprodutor masculino e feminino, e especifica a súa función.
BXB3.26.1. Describe as principais etapas do ciclo menstrual e indica que glándulas e que hormonas participan na súa regulación.	Describe as principais etapas do ciclo menstrual e indica que glándulas e que hormonas participan na súa regulación.
BXB3.26.2. Identifica os acontecementos fundamentais da fecundación, do embarazo e do parto	Identifica os acontecementos fundamentais da fecundación, do embarazo e do parto
BXB3.27.1. Discrimina os métodos de anticoncepción humana.	Discrimina os métodos de anticoncepción humana.
BXB3.27.2. Categoriza as principais doenzas de transmisión sexual e argumenta sobre a súa prevención.	Categoriza as principais doenzas de transmisión sexual e argumenta sobre a súa prevención.
BXB3.28.1. Identifica as técnicas de reprodución asistida máis frecuentes.	Identifica as técnicas de reprodución asistida máis frecuentes.
BXB3.29.1. Actúa, decide e defende responsablemente a súa sexualidade e a das persoas do seu contorno.	
Bloque 4. O relevo terrestre e a súa evolución	
BXB4.1.1. Identifica a influencia do clima e das características das rochas que condicionan os tipos de relevo e inflúen neles.	
BXB4.2.1. Relaciona a enerxía solar cos procesos externos, e xustifica o papel da gravidade na súa dinámica.	Relaciona a enerxía solar cos procesos externos, e xustifica o papel da gravidade na súa dinámica.
BXB4.2.2. Diferencia os procesos de meteorización, erosión, transporte e sedimentación, e os seus efectos no relevo.	Diferencia os procesos de meteorización, erosión, transporte e sedimentación, e os seus efectos no relevo.
BXB4.3.1. Analiza a actividade de erosión, transporte e sedimentación producida polas augas superficiais, e recoñece	Recoñece os efectos das augas superficiais no relevo.

algún dos seus efectos no relevo.	
BXB4.4.1. Valora e analiza a importancia das augas subterráneas e os riscos da súa sobreexplotación.	Valora e analiza a importancia das augas subterráneas.
BXB4.5.1. Relaciona os movementos da auga do mar coa erosión, o transporte e a sedimentación no litoral, e identifica algunhas formas resultantes características.	Relaciona os movementos da auga do mar coa erosión, o transporte e a sedimentación no litoral, e identifica algunhas formas resultantes característica
BXB4.6.1. Asocia a actividade eólica cos ambientes en que esta actividade xeolóxica pode ser relevante.	Asocia a actividade eólica cos ambientes en que esta actividade xeolóxica pode ser relevante.
BXB4.7.1. Analiza a dinámica glaciaria e identifica os seus efectos sobre o relevo.	Identifica os efectos da dinámica glaciaria sobre o relevo.
BXB4.8.1. Investiga acerca da paisaxe do seu contorno máis próximo e identifica algúns dos factores que condicionaron a súa modelaxe.	
BXB4.9.1. Identifica a intervención de seres vivos en procesos de meteorización, erosión, transporte e sedimentación.	
BXB4.9.2. Valora e describe a importancia das actividades humanas na transformación da superficie terrestre.	
BXB4.10.1. Diferencia un proceso xeolóxico externo dun interno e identifica os seus efectos no relevo.	
BXB4.11.1. Coñece e describe como se orixinan os sismos e os efectos que xeran.	Coñece e describe como se orixinan os sismos e os efectos que xeran.
BXB4.11.2. Relaciona os tipos de erupción volcánica co magma que as orixina, e asóciaos co seu grao de perigo.	
BXB4.12.1. Xustifica a existencia de zonas en que os terremotos son máis frecuentes e de maior magnitude.	Xustifica a existencia de zonas en que os terremotos son máis frecuentes e de maior magnitude.
BXB5.13.1. Valora e describe o risco sísmico e, de ser o caso, volcánico existente na zona en que habita, e coñece as medidas de prevención que debe adoptar.	
Bloque 5. O solo como ecosistema.	
BXB5.1.1. Recoñece que o solo é o resultado da interacción entre os compoñentes bióticos e abióticos, e sinala algunha das súas interaccións.	Recoñece que o solo é o resultado da interacción entre os compoñentes bióticos e abióticos, e sinala algunha das súas interaccións.
BXB5.2.1. Recoñece a fragilidade do solo e valora a necesidade de protexelo.	Recoñece a fragilidade do solo e valora a necesidade de protexelo.
Bloque 6. Proxecto de investigación	
BXB6.1.1. Integra e aplica as destrezas propias do método científico.	Integra e aplica as destrezas propias do método científico.
BXB6.2.1. Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.	Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón
BXB6.3.1. Utiliza fontes de información apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.	
BXB6.4.1. Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.	
BXB6.5.1. Deseña pequenos traballos de investigación sobre	

animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación e defensa na aula.	
BXB6.5.2. Expresa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito.	

2. Criterios de cualificación.

O alumnado afrontará diferentes tipos de preguntas ao longo do curso. Polo tanto, nos exames haberá:

- Preguntas de respostas memorística, preguntas de comprensión dun texto e preguntas que obriguen a relacionar conceptos.
- Preguntas que impliquen unha boa redacción, preguntas que esixan a elaboración dun esquema e preguntas tipo test de dobre resposta (verdadeiro ou falso) e de resposta múltiple.
- Preguntas de identificación a partir de imaxes de obxectos, fenómenos e procesos naturais.

En ningún caso, ao longo do trimestre os exames serán dun só tipo de preguntas.

• AVALIACIÓN INICIAL

En base ao observado na aula e, sen descartar algunha proba escrita, prestarase especial atención ás seguintes competencias:

- A competencia lingüística.
- Aprender a aprender.
- Competencias sociais e cívicas.

No caso de atopar algunha dificultade de aprendizaxe significativa comunicárase ao titor e ao departamento de orientación para adoptar as medidas oportunas.

• AVALIACIÓN CONTINUA

O número de probas realizadas por avaliación será como mínimo de dúas.

Realizarase un exame por cada tema ou por cada dous.

O 85% da nota corresponderá ás probas escritas facendo a media aritmética.

O 15% establecerase tendo en conta os seguintes criterios:

- O caderno de clase, cos apuntes completos e os exercicios realizados e corrixidos e, de ser o caso, algunha presentación, traballo ou prácticas de laboratorio terán unha valoración de 0,5 puntos.
- As chamadas de clase, traballos e prácticas, se as houbera, valoraranse ata 1 punto.

Como nas actas non se poden poñer decimais, a nota das avaliacións aproxímarase por redondeo.

• RECUPERACIÓN

Haberá unha recuperación por cada avaliación despois da entrega dos boletíns de notas no caso da primeira e da segunda avaliación.

Haberá que recuperar os exames ou facer os traballos avaliados negativamente e que impliquen unha nota da avaliación inferior a 5.

En ningún caso será obrigatorio facer a recuperación se a nota da avaliación é 5 ou superior.

- AVALIACIÓN FINAL

En cada trimestre, a nota será a media das cualificacións obtidas nese período. A nota final será a media das cualificacións obtidas en todo o curso.

O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación e ampliación. O alumnado que desexe subir a nota final deberá repetir as probas oportunas para mellorar a cualificación.

- AVALIACIÓN DE PENDENTES

Ao longo do curso, faranse tres probas escritas equivalentes a tres trimestres.

Ofrecerase a opción de completar unhas fichas a partir duns contidos que se lles proporcionan e que serán os que entren no exame. O 80% da nota final é sobre a proba escrita e o 20% é a valoración das fichas. Non caso de non facer as fichas, a nota dos trimestres e a final serán o resultado de aproximar por redondeo as notas dos exames. Recuperaranse trimestres no mes de abril no caso de que a media non chegue a 4,5.

Os exercicios de recuperación estarán dispoñibles na aula virtual, así como os temas que entran en cada avaliación.

No caso de que os alumnos entregaran o caderno correctamente realizado cos exercicios propostos no mes de setembro, teráselles en conta de cara a avaliación e non será necesario que volvan a realizalos.

Informarase aos pais por escrito deste mecanismo de avaliación e os alumnos deberán traer firmada dita notificación e entregala ao profesor correspondente.